

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TITULACIÓNS OFICIAIS IMPARTIDAS NA FACULTADE DE FILOSOFÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Presidenta do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 18 de xaneiro de 2019 ata o 23 de xaneiro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Fixar os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación de colaboración do programa de prácticas para o alumnado da Facultade de Filosofía.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Estatuto do Estudante Universitario establece o dereito do alumnado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade a realizar prácticas académicas externas que poderán ser curriculares ou extracurriculares e realizarse en entidades externas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 18 de xaneiro de 2019.

